



INCIDIR SOBRE A ACTITUDE QUE DEBEN MOSTRAR AS PERSOAS CON ESTA ENFERMIDADE ANTE O TRATAMENTO, TEMA CENTRAL DO DÍA MUNDIAL DA ASMA

- *Os datos actuais din que o 40% das crises asmáticas acontecen por unha mala adhesión ao tratamento e que máis do 50% de persoas con asma teñen síntomas e crises evitables cunha boa educación ante a enfermidade*
- *A doutora Mosteiro Añón, do Servizo de Pneumoloxía do CHUVI e especialista en asma grave, incide na necesidade de "derrubar os falsos mitos sobre a asma que poñen en risco aos nosos e nosas pacientes"*
- *Entre os actos previstos para conmemorar este día, o Servizo de Alergoloxía da Área sanitaria desenvolverá no Hospital Meixoeiro unha xornada divulgativa o venres próximo, 10 de maio*

Vigo, 8 de maio de 2024. Baixo o lema: "A educación en asma empodera", onte celebrouse o *Día Mundial da Asma*, poñendo así o foco na necesidade de dirixirse especialmente ás persoas que padecen esta doenza e sensibilizalas na adhesión aos tratamentos como a mellor maneira de mellorar os resultados no control da asma. Con este motivo, os Servizos de Pneumoloxía e Alergoloxía da Área Sanitaria de Vigo realizan diferentes actividades destinadas a transmitir entre os e as profesionais da Saúde, pacientes, persoal coidador e familiares unha maior adhesión aos tratamentos e á medicación, tendo en conta que un 40% das crises asmáticas acontecen precisamente por un mal seguimento das pautas e indicacións destes tratamentos.



Entre as actividades propostas pola Área Sanitaria de Vigo para este día destacou a colaboración no desenvolvemento da *Xornada Científica do Día Mundial da Asma 2024*, celebrada no salón de actos do Hospital Álvaro Cunqueiro e organizada pola Sociedade Galega de Patoloxía Respiratoria (SOGAPAR).



Pola súa parte, o Servizo de Alergoloxía organiza, como tódolos anos, unha xornada de portas abertas dirixida a pacientes, con charlas divulgativas, obradoiros interactivos de educación sanitaria neste ámbito ou probas de función pulmonar para calquera persoa que o desexe, que poderá ser valorada por un alergólogo mediante unha consulta *express* enfocada nesta patoloxía respiratoria. Estas actividades terán lugar no hospital Meixoeiro o venres próximo, día 10 de maio, entre as 12:00 e as 14:00 horas.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE
ÁREA SANITARIA DE VIGO

Día Mundial del Asma
ginasthma.org @ginasthma

**LA EDUCACIÓN
SOBRE ASMA
EMPODERA**

La información es clave

10 de mayo de 2024

**Servicio de Alergología
Hospital Meixoeiro**

El Servicio de Alergología (1ª Planta Hospital Meixoeiro), celebrará el 10 de mayo, una jornada de puertas abiertas dirigida a pacientes, con charlas divulgativas, talleres interactivos, educación sanitaria, pruebas de función pulmonar y, donde cualquier persona que lo desee, podrá ser valorada por un alergólogo mediante una consulta "express" enfocada a patología respiratoria.

AGENDA DEL DÍA

- 11:45 a 12:00
Recepción por parte del Servicio de Alergología. Café de bienvenida.
- 12:00 a 12:45
Charlas con talleres interactivos para pacientes:
- Diagnóstico de asma
- Manejo de inhaladores.
- 12:45 a 14:00
Actividades formativas enfocadas a pacientes:
- Pruebas de función respiratoria en nuestra sala de función pulmonar.
- Consulta de alta resolución para pacientes con sospecha de patología respiratoria. Deberán apuntarse en Planta 132.

Límite de asientos: 100

Xornada específica

A xornada divulgativa desta mañá, foi inaugurada pola directora Asistencial da Área Sanitaria de Vigo, a doutora Susana Cerqueiro Gómez, e polo xefe do Servizo de Pneumoloxía da Área Sanitaria de Vigo, o doutor Alberto Fernández Villar, correspondendo o desenvolvemento dos contidos obxecto deste encontro á doutora Mar Mosteiro Añón, médica do Servizo de Pneumoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo e especialista no tratamento de asma grave, que transmitiu á audiencia presente (profesionais da Saúde e pacientes con patoloxías pneumolóxicas, principalmente asma) os principais aspectos nos que mellorar no tratamento desta enfermidade.

Xunto con ela, o outro relatorio principal correspondeu á xefa do Servizo de Farmacia Hospitalaria do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Noemí Martínez López de Castro, que expuxo o papel do e da farmacéutica hospitalaria no control da asma.



A xornada clausurouse coa visualización do vídeo realizado conxuntamente coa asociación SOGAPAR, e no que colaborou a doutora Mosteiro Añón, titulado: *Mitos en Asma*, no que afonda precisamente na existencia de determinadas crenzas e costumes instalados en moitas das persoas con esta doenza que inciden negativamente no manexo e nos hábitos para un tratamento efectivo desta enfermidade, poñendo en risco a súa saúde.

Derrubando mitos

Neste sentido, a doutora Mar Mosteiro fixo fincapé en que "Dispoñemos de bos tratamentos e, se se utilizan correctamente, controlan os síntomas e evitan as crises na gran maioría de pacientes. Porén –continuou a doutora–, hai moitos falsos mitos que debemos romper, pois fomentan a mala adhesión ao tratamento ou o seu abandono. Así, no grupo galego de asma da SOGAPAR, seleccionamos unha serie de falsos mitos cos que se fixeron carteis e un vídeo que se difundirán a través das pantallas informativas".

No que respecta á fórmula para acabar con estes mitos, a doutora Mosteiro expuxo unha serie de recomendacións básicas a ter en conta, como: "recoñecer que a asma é unha enfermidade crónica que necesita tratamento continuo aínda sen molestias, coñecer as diferencias entre inflamación e broncoconstricción, distinguir tamén entre fármacos controladores da inflamación dos que funcionan como *aliviadores* da obstrución, recoñecer as síntomas da enfermidade e os signos de agravamento e, sempre –facendo énfase a doutora–, actuar ante un deterioro da enfermidade para prever a crise".

Para non esquecer

Afondando nesta maneira inadecuada de conducirse cando se padece esta enfermidade, con motivo deste *Día Mundial da Asma* recórdanse unha serie de recomendacións de estilo de vida saudable para un bo control da asma, entre as que destacan: proporse acudir de forma periódica ás consultas programadas, cumprir coa medicación, as súas doses, pautas, duración e frecuencia; tratar precozmente as síntomas de asma cando aparezan, empregar correctamente os inhaladores, non fumar e evitar ambientes con fume, practicar deporte, manter hábitos alimentarios saudables ou facer prevención de riscos de infeccións respiratorias, a través do lavado frecuente de mans. Tamén figuran entre estas recomendacións, frecuentar lugares abertos e respirar aire limpo, evitar contactos con persoas con infeccións respiratorias ou vacinarse contra a gripe.

Incidir na adhesión

A asma é unha enfermidade polifacética que non se pode prever e na que participan moitos elementos, tanto relacionados coa persoa (xenética, comorbilidades), como coa contorna (exposición ambiental a irritantes, contaminantes ou alérxenos). Como todas as enfermidades crónicas, o máis importante é manter un bo control e prever os ataques. Máis da metade dos pacientes con asma non ten a súa enfermidade controlada. A causa principal do mal control da asma é a falta de adhesión á



medicación. É moi importante concienciar ao paciente sobre a necesidade de realizar o tratamento indicado de maneira regular para evitar que a asma pase de ser un proceso controlado a descontrolado.

Así, tal e como explicou a doutora Mosteiro Añón, "Polos datos que manexamos, podemos afirmar que no conxunto da poboación mundial con asma, máis do 50% de pacientes non seguen a pauta marcada polas súas médicas e médicos, o que leva a síntomas persistentes e crises de asma evitables".

Así mesmo, Mar Mosteiro Añón fixo especial incidencia en observar as directrices de tratamento naqueles casos de asma menos severos, co fin de evitar situacións moito máis graves. Así, afirmou que: "Entre o 30% e o 40% das visitas a urxencias por crises son casos de asma *leve a leve-moderada*, que poderían evitarse de seguir as indicacións do tratamento e contar cunha boa educación en asma. Esta cuestión é de suma importancia –continuou-, xa que os rexistros internacionais falan de que o 50% das mortes por asma danse en casos de asma *leve-moderada* e, polo tanto, evitables".

Alta prevalencia

A asma é unha enfermidade crónica moi prevalente, que afecta a entre un 4% a un 5,5% da poboación adulta, o que significa que ao redor de 340 millóns de persoas en todo o mundo teñen asma. En España, máis de tres millóns de persoas teñen asma.

Para incidir na importancia desta adhesión ao tratamento, á finalización da xornada, contra as 9:30 horas, abriuse unha mesa informativa na entrada principal do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, co fin de transmitir estas mensaxes á poboación e aos profesionais sanitarios en xeral, a través de carteis divulgativos e da proxección en pantallas do vídeo.